

## OBRADOIRO A COOPERATIVA É PARA NÓS?

[ En colaboración coa Deputación da Coruña ]

DATAS REALIZACIÓN	27/07-04/08/2023	DURACIÓN	15 horas
HORARIO	3 sesións formativas que se desenvolverán os días <u>27 de xullo e 3 e 4 de agosto en horario de 10:00 a 15:00hs</u>		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Viveiro de Empresas de Boiro, Polígono Industrial de Espiñeira, Boiro (A Coruña)		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

### OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial ás persoas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

### PROGRAMA E CONTIDOS

Módulo 1 | O emprendemento cooperativo.

Módulo 2 | Características das empresas cooperativas.

Módulo 3 | A organización cooperativa.

Módulo 4 | Pasos para a constitución da cooperativa. Presentación dunha experiencia cooperativa.

### CONTIDOS

Módulo 1 | Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e do convenio de colaboración coa Deputación da Coruña. O emprendemento fronte a outras formas de emprego. O emprendemento colectivo e en cooperativa: Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora. As cooperativas fronte a outros tipos de empresas.

Módulo 2 | Principios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado. Aspectos propios das cooperativas de traballo asociado.

Módulo 3 | A organización nas sociedades cooperativas. O réxime económico e fiscal. A viabilidade económica e societaria.

Módulo 4 | Proceso de constitución. Presentación e participación dunha experiencia cooperativa real. Avaliación do obradoiro.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. Proponse a configuración en 3 sesións de formación secuenciais e espaciadas no tempo para promover procesos de reflexión nas persoas participantes. As sesións de formación terán unha orientación práctica dirixidas a que as participantes poidan avanzar na elaboración do seu proxecto.

### DESTINATARIAS

Dirixido a persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomos e tecido sociocomunitario interesados en compartir servizos, recursos, investimentos, etc, a través do modelo de emprendemento cooperativo.

Esta actividade encádrese na programación do Convenio de Colaboración 2023 entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.